



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CORPORACIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A. PARA A ELABORACIÓN E EMISIÓN DO PROGRAMA "OS NOSOS MAIORES" NO EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria,

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A., o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 17 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude das actuacións que ten previsto desenvolver a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A durante o ano 2023, para á realización dunha serie de programas sobre os maiores e en especial o seu respecto e o achegamento á realidade destes maiores e da súa vida cotiá.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste convenio son as seguintes:

1. Elaboración de trece espazos de 40 minutos de duración cada un deles nos que se emitirán contidos de interese xeral vencellados ás persoas maiores, de conformidade co establecido na cláusula segunda.
2. Emisión semanal dos anteditos espazos na grella de programación da CRTVG.
3. Contratación dos medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción do programa obxecto deste convenio.
4. Cesión ou aproveitamento do material gráfico elaborado pola CRTVG para uso da Consellería de Política Social e Xuventude na promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a consellería, achegándolle a esta as copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto. Con carácter previo á reprodución autorizada, a Consellería de Política Social





e Xuventude solicitará á CRTVG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.

5. Facer constar na produción a colaboración da Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude.

A Consellería de Política Social e Xuventude comprométese:

- a) Aboar o importe correspondente de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- b) Orientar e facilitar á CRTVG toda a información necesaria para a boa realización do programa obxecto deste convenio.
- c) Proporcionar á CRTVG a documentación e o asesoramento necesario para a elaboración dos guións que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión, de ser preciso.
- d) Facer constar "Imaxes cedidas pola CRTVG" nas producións realizadas e cedidas pola CRTVG no marco deste convenio, nos seus títulos de crédito ou no seu defecto como indicativo nalgún lugar visible de forma secundaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., sociedade mercantil pública autonómica ten encomendada a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da comunidade autónoma de Galicia. Segundo o establecido no mandato marco da Corporación RTVG / DOG 247, do 29 de decembro de 2015) entre os obxectivos programáticos esta deberá fomentar e potenciar o respecto ás persoas maiores.





A Consellería de Política Social e Xuventude considera á Corporación RTVG, por razón do seu alto grao de audiencia en Galicia e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para contar co Programa "Os Nossos Maires" no que se lle de voz ás persoas maiores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital.

O director xeral de Maires e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

